

NOTA DE PRENSA

Celebración da XVI Olimpíada de Bioloxía (Fase Autonómica Galega).

Santiago, 18 de febreiro de 2021.- Mañá venres 19 de febreiro celebrarase a XVI Olimpíada de Bioloxía (Fase Autonómica Galega), na Facultade de Bioloxía da Universidade de Vigo, que convoca a Asociación Olimpíada de Bioloxía (OEB) coa colaboración do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia -COBGA-, as tres universidades galegas, e a Xunta de Galicia.

O fin das olimpíadas de bioloxía é fomentar os estudos relacionados coa Bioloxía e promover o interese na investigación científica entre o estudiantado do sistema educativo español.

Con motivo da COVID19 fíxose unha selección previa o pasado 5 de febreiro mediante unha proba teórica na modalidade online. Se rexistraron 112 alumnos de 22 centros de toda Galicia e foron seleccionados os 20 mellores alumnos/as.

Os centros dos alumnos/as clasificados/as foron: CPR María Auxiliadora-Salesianos (Ourense), CPR Plurilingüe Compañía de María (Vigo), Colegio Marcote S.L.U. (Vigo), IES A Pinguela (Monforte de Lemos), IES Xunqueira 2 (Pontevedra), Colexio M.Peleteiro (Santiago), IES Otero Pedraio (Ourense), IES Rosais 2 (Vigo), IES Concepción Arenal (Ferrol), IES República Oriental do Uruguai (Vigo).

A proba presencial constará dunha proba teórica tipo test e dúas probas prácticas de laboratorio, cos contidos de Bioloxía da ESO, e de primeiro e segundo de bacharelato, centrados na base molecular e fisicoquímica da vida.

As probas celebraránse vaixo as normas anti-COVID19 da Universidade de Vigo, con uso obrigatorio de mascarilla, xeles hidroalcohólicos, distancias social, etc.

Os/as tres gañadores/as da fase galega representarán á nosa comunidade na fase nacional, que se celebrará na modalidade on line do 11 ao 14 de marzo de 2021.

O certame conta co patrocinio de Principia Editorial e os Museos Científicos Coruñeses que entregarán premios aos gañadores.

Con motivo do convenio coa Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a Olimpíada foi homologada con 15 horas como actividade de innovación docente e terán lugar dúas charlas: Unha de D. Castor Muñoz. sobre "Tres mil anos de cambios ambientais no complexo praia-duna-lagoon das Illas Cíes" e a outra e D. Pedro Pablo Gallego. sobre os "Os desafíos na innovación no sector agroalimentario: unha visión sostible".

Máis información:
COBGA: 682546054 (Pablo)